

5º ENCONTRO
**CELME
DE ZANFONA**



Centro de Artesanía e Deseño · Rúa Chantada s/n LUGO 27004 · 982 210 066 · www.centrad.org

CELME DE ZANFONA

5º ENCONTRO **AO REDOR DA ZANFONA**

24-26/10/25
CENTRAD
LUGO



Jesús Pérez González incrustando unha mao de zanfona. ca. 1979

ORGANIZA



COORDINA

Luciano Pérez Díaz

Colección de instrumentos musicais e arquivo documental do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo

O patrimonio cultural constitúe unha fértil herdanza histórica ante a que a sociedade contemporánea posúe unha irrenunciable responsabilidade, ao tempo que lles concedemos esa esencia ás seguintes xeracións. Neste **V ENCONTRO CELME DE ZANFONA 2025** achegámonos aos oficios que máis nos representan: os artífices na construción de zanfonas e as/os que crean e recrean cantares e músicas. Todos eles son teselas do patrimonio e compoñen a armazón que contribúe a evolución da música e dos instrumentos musicais.

A provincia de Lugo foi, na última metade do século pasado, o epicentro no estudo, recuperación e revitalización da zanfona en Galicia, con dous obradoiros en Monforte e o Obradoiro escola de instrumentos da Deputación de Lugo. A nosa traxectoria estivo marcada, desde o xerme fundacional, pola recuperación e promoción do patrimonio musical en todas as súas vertentes. Uns traballos esenciais para o futuro da zanfona xa que os avances lóxicos teñen que producirse desde dentro, edificando sobre esa herdanza histórica, non podemos perder a cor da nosa música e con ela os oficios patrimoniais. Somos persoas con conciencia identitaria e cultural, somos un país de alta cultura.

No apartado de formación, reforzamos o curso de canto en consonancia coa temática das letras galegas “A poesía popular oral” con dúas propostas transversais de voces que souberon extraer a esencia das nosas músicas. Contaremos cunha proxección para achegármonos a Dolores, a cega de Miranda, e elevamos a zanfona a un terreo audaz co virtuosismo dun músico pouco coñecido e un programa que nos propón coñecer o noso pasado con composicións sobre imaxes dende unha ollada foránea. Estas dúas vertentes de tradición e vangarda favorecen e van forxando novos interpretes, coma o que descubriremos na sección de instrumentistas emerxentes.

Como vén sendo habitual e, desde que Francisca López puxera en marcha, no CENTRAD, o programa Maletíns didácticos, contamos coa colaboración dos centros educativos para coñecer a visión que as novas xeracións teñen dos oficios manuais, en consonancia coa temática deste encontro e da nova entrega A zanfona na rede.

Un recordo desde este estrado ao mestre artesán **Jesús Pérez González**, acaba de partir igual que chegou a este oficio que amou e compartiu, discretamente. Foi actor principal da segunda revitalización da zanfona en Galicia nunha época, a transición política, ilusionante e chea de retos e compromiso coa nosa identidade. Desenvolveu o seu labor con total honestidade e contribuíu de maneira significativa a riqueza de profesionais, mestres artesáns, músicos e escolas de ensino.

venres - 24 outubro 2025

16.00 h RECEPCIÓN E PRESENTACIÓN

Efrén Castro. Deputado da Área de Artesanía e Deseño
Luciano Pérez. Coordinador CELME DE ZANFONA

16.30 h a 19.30 h CLASES MAXISTRAIS DE CANTO

Sala CENTRAD ~ 15 alumnos
Repertorio cantos populares.
Branca Villares

20.00 h CONCERTO

Capela de Santa María
MARTIN BLANES JAZZ 4TET

Martín Blanes:
zanfona e composición
Pablo Sanmamed:
contrabaixo
Iago Mouriño:
piano/teclados
Bruno Couceiro:
batería



Os derradeiros anos de **Paulino Pérez** contou co seu neto, **Luciano**, como único alumno. Ao falecer, en marzo de 1975, incorpórase o seu fillo **Jesús** que comeza a investigar desmontando unha zanfona súa e, aproveitando algunhas pezas orixinais, constrúe este instrumento para un particular contando co valioso apoio do seu amigo **Jesús López**.

Ao pouco ingresa **Antón Corral**, que se ocupa da construción de gaitas nese desenvolvemento de traballos individualizados. Cara a finais de 1975, o pintor **Tino Grandío** encárgalle unha zanfona e este pídelle a **Jesús Pérez** comezar un traballo coligado polos dous. Aquí vemos o primeiro instrumento que asinan.



sábado - 25 outubro 2025

Sala CENTRAD

9.00 h a 12.00 h CLASES MAXISTRAIS DE ZANFONA

15 alumnos

Introdución á improvisación.

Martín Blanes

12.00 h DESCANSO

12.30 h CONFERENCIA

A REVITALIZACIÓN DA ZANFONA EN GALICIA:

ANTONIO FERNÁNDEZ, FAUSTINO SANTALÍCES E PAULINO PÉREZ

Xoán Ramiro Cuba

14.30 h COMIDA

16.30 h RELATORIOS

ESTACIÓN MONFORTE: AMADEO GOYANES E GUILLERMO ÁLVAREZ

Pablo Quintana

PROYECCIÓN DO DOCUMENTAL

PRESENTACIÓN E CONTEXTO:

A CEGA DE MIRANDA E A MUDANZA DOS ROLES

Ricardo Polín

20.30 h CONCERTO

Capela de Santa María

EFÉMERAS

CANTOMETRICS:

Lúis Bolón, Nébeda Piñeiro Barros, Marina Fernández Vigo,
Sandra Pérez Míguez, Francisco Barcia Trashorras



Cantometrics

domingo - 26 outubro 2025

9.00 h a 12.00 h CLASES MAXISTRAIS DE CANTO

Sala CENTRAD ~ 15 alumnos

A xenética das tradicións nas composicións actuais.

Xosé Quintas Canella e Antía Riveira

12.30 h CONCERTO

Capela de Santa María

Espazo destinado as/aos instrumentistas emerxentes e novas na creación musical, proporcionando un escenario estable.

RAÍCES E PONLAS

Abel Oliveira Miranda



Abel Oliveira Miranda

ACTOS COMPLEMENTARIOS

Contextos

PASE DE IMAXES A ZANFONA NA REDE, OS OFICIOS

Traballo de recolla da pegada que os artesáns-artistas foron deixando do instrumento ao longo da historia. **Francisco Maañón**

PARTICIPACIÓN DOS ESCOLARES na “Recreación dun obradoiro artesanal”,
construción de zanfonas

EXPOSICIÓN TEMPORAL das obras seleccionadas na Sala CENTRAD
entre os días 3 e 28 de novembro

ACTO DE CLAUSURA 28 de novembro. Sala CENTRAD

11.00 h Visita guiada a Colección de instrumentos musicais. **Cristina Barreiro**

11.30 h Obradoiro de xoguete sonoro. **Francisco Maañón**

12.30 h Entrega de agasallos 3 colexios finalistas.

INSCRICIÓNS

a través do correo-e:

celmedezanfona@gmail.com

CLASES MAXISTRAIS

As inscricións nas clases maxistrais serán por rigorosa orde de chegada das solicitudes, ata un número máximo de 15 persoas por curso. No caso de ter interese en participar en máis dun curso, fai constar a orde de preferencia e comunicarémosche en cales tes praza ao finalizar o prazo de inscrición.

A **data límite** para inscribirse é o **venres 17 de outubro**

Datos necesarios:

Nome e apelidos

Número do documento de identidade

Número de teléfono

Clases maxistrais ás que queres acceder

XANTAR

Se desexas **anotarte para o xantar** conxunto do **sábado** encargámonos da xestión da reserva nun restaurante que dispón de menú a prezos populares. **Mándanos un correo-e a este mesmo enderezo**, indicando os teus datos.